

## **Historia da educación en Galicia. Notas para un balance de actuali- dade (1995-1997)**

Na década dos pasados anos oitenta, especialmente a partir dos seus anos centrais, a constitución dun corpus historiográfico referido á educación en Galicia comezou a ser unha incipiente realidade, logo de varias décadas de iniciativas e escritos dispersos. Tal positiva inflexión tivo lugar como consecuencia, en particular, da incorporación dos novos historiadores da educación de Galicia á comunidade académica, no contexto propicio, tanto da maduración da historiografía xeral de Galicia, como da renovación da historiografía educativa española.

Os traballos desenvolvidos neste senso mereceron algúns comentarios e análises críticas, realizados tanto por nós como por Porto Ucha<sup>1</sup>. Non é pois, aquí o momento de volver sobre eles ben que, con todo, considero procedente realizar algunhas indicacións sobre a produción histórica educativa desenvolvida na década 1985-1994, para que os lectores gozen de oportunos elementos informativos previos a aquilo que diremos con respecto á produción do curto período 1995-97.

Vintecinco títulos bibliográficos compoñen a produción científica e académica sobre a historia da educación de Galicia entre 1985-1994. Importante dato. Cualitativamente importante tamén. Títulos especialmente atentos a historia contemporánea da educación primaria, acotados dezaseis deles no período da Restauración e da IIª República. Por contra, o período do Antigo Réxime, a Ilustración e os comezos do réxime liberal decimonónico, so estiveron presentes en cinco monografías. Así tamén catro títulos fixeron referencia a historia universitaria.

Un repaso aos autores, temáticas e datas das referencias bibliográficas poderá ser o seguinte. Sobre o Antigo Réxime e a Ilustración citamos as ricas aportacións de Rivera Vázquez sobre a acción educativa dos xesuítas (1989), de Sánchez Rodríguez de Castro sobre a Ilustración en A Coruña (1992), de Fernández Fraga sobre a Ilustración lucense (1992) e a contribución panorámica de Barreiro Fernández sobre o conxunto do período e institucións educativas (1992). Para os inicios do réxime liberal e as súas fórmulacions educativas só contamos cunha monografía referida á provincia de Lugo, a de Prado Gómez (1990).

<sup>1</sup> Antón Costa Rico, "A Historia da educación en Galicia. Notas para unha revisión historiográfica", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 106 (1993-94), 221-243; Angel S. Porto Ucha, "A Historia da educación en Galicia. Análise da situación e perspectivas de futuro", *Revista Galega de Educación*, 19 (1994), 90-92.

Os tradicionais estudos sobre a historia universitaria víronse incrementados por recuperacións documentais, debidamente introducidas: a da visita de Pedro Portocarrero de 1577 (1994) e o estudio das fontes documentais relacionadas de algún modo coa historia universitaria compostelana entre os anos 1237 e 1587 (1991); así tamén, recuperouse un estudio dos anos trinta sobre a historia institucional do Colexio de San Clemente (1994) e analizouse a realidade institucional universitaria compostelana no primeiro tercio do presente século. Entre outros, García Oro, Justo Martín, Lucas Álvarez, Sebastián González García-Paz, Barreiro Fernández e Isaura Varela, son os autores que deben ser citados.

Na extensa nómina que estudia o período que vai desde a Lei Moyano á fin da IIª República citamos as aportacións de: Otero Urtaza sobre as misións pedagóxicas (1986), de Porto Ucha sobre a ILE e Galicia (1987), de De Gabriel Fernández sobre o estudio curricular da agricultura (1989), de Cid Fernández sobre o período ourensán da IIª República (1989) (temática sobre a que volverá complementariamente no 1994: Escola, Democracia e República), de Costa Rico cun estudio panorámico (Escolas e Mestres, 1989), de De Gabriel sobre a alta Restauración e o ensino primario (1990), de Peña Saavedra sobre as escolas e a acción educativa en Galicia dos nosos emi-

grados a América (1990), de Barreiro Fernández, atento, pola súa parte, a unha visión globalizadora de todo o sistema educativo (1993), de Benso Calvo sobre a problemática da educación feminina en Ourense (1993), de Valín Fernández sobre o laicismo escolar (1993), de Costa Rico sobre a realización de colonias escolares (1993), de Rivera Vázquez co seu estudio do colexio xesuita Apostol Santiago (1993), de López-Vázquez sobre a filosofía krausista en Galicia (1994) e de Porto Ucha sobre a historia institucional da Escola Normal pontevedresa (1994).

É do caso salientar que o conxunto de autores citados tiveron unha continuada actividade investigadora, plasmada en revistas científicas, publicacións colectivas e actas congresuais, con contribucións complementarias das liñas de estudio citadas. O panorama temático e de autores ata aquí refrexado é, sen embargo, máis amplo. Así, no pequeno espazo da historia do ensino secundario interviñeron Benso Calvo, Porto Ucha, Fraga Vázquez e Pereira & Sousa, atendendo respectivamente á constitución dos institutos de ensino secundario en Ourense, Pontevedra e A Coruña, e das Escolas de Artes e Oficios en Galicia, sempre durante o século XIX. Sobre a problemática da educación feminina existen tamén diversos traballos de Narciso de Gabriel e Benso Calvo. Pereira Do-

mínguez e Porto Ucha achegáronse, pola súa parte, á cuestión do hixienismo e á realización da colonias escolares. De Gabriel e A. Costa aproximáronse á problemática da lingua galega en relación co mundo escolar. Cid Fernández preocupouse así mesmo polo laicismo escolar, e polo recoñecemento biográfico de ilustres profesores ourensáns. Porto Ucha tense referido á incidencia do ideario educativo da Revolución Francesa e do krauso-institucionismo en Galicia, mentres que Peña Saavedra e Costa Rico fixeron pequenas calas en aspectos de escolarización no Antigo Réxime.

Este panorama, quizais, se complete, indicando que neste período, os historiadores galegos da educación vencellados ás ciencias da educación tiveron ocasión de organizar dúas exposicións: unha sobre cen anos da escola de Ourense (Benso Calvo, Suárez Pazos, 1991) e outra sobre Ferrer y Guardia e a Escola Moderna (Cid Fernández, 1991); ademais, organizaron en Santiago o VI Coloquio Español de Historia da Educación (1990), cunha interesante edición de Actas.

### **1995-1997: balance de actualidade**

Neste período rexistrouse a continuidade dos afáns anteriores, debéndose destacar, en todo caso, algunhas inflexións temáticas e metodolóxicas que non poderían pasar desapercibidas. Refírense á historia universitaria, motivada pola

celebración do V Centenario da Universidade de Santiago (a partir dos seus antecedentes), á historia da educación secundaria, ao amparo das conmemoracións dos 150 anos de algúns institutos de bacharelato, ao estudio das figuras ilustradas (Feijoo, Sarmiento), aos momentos finais do franquismo e o postfranquismo e á incorporación de categorías e conceptos de análise elaborados no marco da *nova historia*.

A calor do V Centenario da Universidade de Santiago, en 1995, o seu Servicio de Publicacións deu a luz un moi amplo Libro-Catálogo con notable contido e valor historiográfico, *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, e a reedición do estudio sobre o Colexio de Fonseca de Antonio Fraguas Fraguas; asemade, foi reeditada a monografía de Pérez Bustamante e Gonzalez Garcia-Paz, *La universidad de Santiago (El pasado y el presente)*, orixinalmente editada en 1934, mentres que M<sup>a</sup> P. Rodríguez-Suarez preparou a recuperación documental dos textos dos libros de Claustro da Universidade entre 1566 e o 1600 (*La Universidad de Santiago en el sigloXVI*), en edición promovida pola Fundación Barrié e o Instituto de Estudos Gallegos P. Sarmiento. Neste mesmo capítulo hai que anotar os dous valiosos ensaios de Capelán sobre os debates ideolóxicos compostelanos nos pasados anos vinte-trinta.

A historia do ensino secundario viuse enriquecida coas aportacións bibliográficas coordinadas por Méndez Seijas con respecto á historia do Instituto de Lugo, e coas de Fariña Casaldarnos sobre o nacemento do Instituto Compostelano. Neste mesmo caso, anúnciase obras de historia institucional referidas aos institutos de Ourense e de Pontevedra. Completan este panorama as monografías de Piñeiro de San Miguel sobre a historia da Escola de Artes e Oficios de Ferrol entre 1881 e 1930, de Pascual Carballo sobre a sobre a de Ourense e a da Fundación Fernando Blanco de Lema sobre o Colexio-Instituto de Santa María de Cee, editada en 1996, ao tempo que nunha espléndida exposición daba conta da recuperación dun legado máis que centenario.

Con respecto ás figuras ilustradas de Feijoo e de Sarmiento, en relación coa preocupación educativa, podemos anotar as contribucións de López Vázquez (*O P. Feixoo escolástico*) e de Costa Rico, neste caso sobre a dimensión pedagóxica do P. Sarmiento (Actas do Congreso Sarmiento, organizado polo Consello da Cultura Galega).

Aportación novidosa no panorama historiográfico educativo galego foi tamén a de Costa Rico: *Historia do ensino no reino de Galiza (Anos 414-1483)*, editada no 1995; o mesmo autor editaría no 1996 a obra *A reforma da educación (1906-*

*1936)*. X. V. Viqueira e a historia da *psico-pedagogía en Galicia*, volvendo sobre aspectos abordados por varios dos autores aquí citados.

Diciamos que o tempo do último franquismo e do posfranquismo comeza a ser motivo de preocupación. Así se testemuña a través da obra coordinada por X. M. Cid, *Por unha escola do Pobo. No centenario de Freinet* (1997), ou a través dos números 25 e 26 da *Revista Galega de Educación*. Nos dous lugares, a preocupación pola renovación pedagóxica e pola galeguización do ensino nos últimos 30 anos é sometida á revisión histórica.

Novas preocupacións metodolóxicas, novas orientacións e temáticas, están presentes en contribucións de autores como Herminio Barreiro, transcendendo neste caso o ámbito territorial de Galicia, Benso Calvo, Peña Saavedra, Otero Urtaza e De Gabriel, entre outros.

Estamos, pois, ante un positivo panorama e balance. É mester salientar que a través das páxinas da publicación universitaria hispana *Historia de la Educación* e do Boletín Interno da SEHE ven sendo tomada en consideración esta publicística reveladora do momento da historiografía educativa galega. A partir do presente número da revista *Sarmiento*, tamén estará presente nestas páxinas, onde comezan a intervir novos nomes a sumar á nómina dos autores previamente sinalados.

Antón Costa Rico

### ***A depuración do profesorado revisada. Notas de lectura***

Con ocasión da conmemoración dos 60 anos do inicio do franquismo, o estudo da depuración, a represión e o exilio do profesorado en España recibiu un novo pulo historiográfico, con contribucións procedentes agora de Cataluña, do País Vasco e mesmo desde Galicia.

A nova orde educativa franquista, a súa filosofía educativa e realizacións, así como a depuración e negación do modelo e das realizacións educativas da IIª República, non ten sido asunto que suscitase unha forte atención investigadora e historiográfica. A convicción por parte dos historiadores da educación contemporánea española de que todo e particularmente a escola tivo unha cor agrisallada durante o franquismo, que a miúdo parte das memorias íntimas e particulares dos propios historiadores, ou noutros casos un desexo de fuxir e de esquecer un pasado histórico educativo calamitoso, en contraste coa realidade anterior ou co que podía estar acontecendo noutros espazos europeos logo

da fin da IIª Guerra Mundial, teñen actuado como freo á atención investigadora neste campo, algo que sen embargo segue a ser necesario.

Sen embargo, a pesar do reducido número das investigacións e ensaios, é do caso rexistrar unha moi boa calidade en parte das contribucións. É de rigor lembrar os traballos de Cámara Villar, de Puelles Benitez, de Monès, Pujol Busquets, de Navarro Sandalinas, de Mayordomo Pérez, de Inmaculada Pastor, do Instituto Municipal de Educación de Barcelona, de Salamó Marqués e de José M. Fernández Soria, todos eles relativos ao franquismo e á educación. Lembrar tamén os traballos relativos á represión do profesorado en Navarra (Pascual Bonis), Burgos, os de Fernández Soria, de X. M. Cid sobre Ourense, de Solé y Savaté, entre outros. A eles hai que sumar agora os recentes de Salomó Marqués sobre o exilio dos mestres<sup>1</sup>, os de González Agábito e o propio Salomó Marqués sobre a represión do profesorado<sup>2</sup> en Cataluña e de Maitane Ostolaza sobre a mesma cuestión no País Vasco<sup>3</sup>, cun apunte final para Galicia<sup>4</sup>.

<sup>1</sup> Solomó Marqués, *L'exili dels mestres (1939-1975)*, Girona, Universitat de Girona, 1995, 449 pp.

<sup>2</sup> Josep González-Agàbito e Solomó Marqués, *La repressió del profesorat a Catalunya sota el franquisme (1939-1943)*, Barcelona, Institut d'Estudis Catalans, 1996, 220 pp.

<sup>3</sup> Maitane Ostolaza Esnal, *El garrote de la depuración. Maestros vascos en la guerra civil y el primer franquismo (1936-1945)*, Donostia, Ibaeta Pedagogía, 1996, 220 pp.

<sup>4</sup> Antón Costa Rico, "A chegada da Dictadura. Purga e represión de ensinantes: 1936-1940", *Revista Galega de Educación*, 28 (1997) 88-91

*La repressió del profesorat a Catalunya sota el franquisme (1939-1943)* é obxecto dunha reseña específica nestas mesmas páxinas, polo que nada diremos del. Pouco antes da súa aparición, o propio Marqués teñamos ofrecido *L'exili dels mestres (1939-1975)*, coa intención de rescatar aos esquecidos traéndoo á escea, porque como dí a súa prologuista Anna M<sup>a</sup> García reconstruír a historia é a única posibilidade de reconciliación democrática. Como consecuencia da ocupación militar franquista de Cataluña entre 1938 e 1939 comezou o exilio exterior de case 400 mestres, ao que trata de aproximarse o historiador. Quen eran, onde exercían, que actividades escolares e extraescolares desenvolvían, que posibles militancias políticas e sociais realizaban. Salomé escolcou a estes efectos moi distinta documentación, escribiu e recibiu cartas, realizou entrevistas individuais (en total 49) e colectivas, en Cataluña, en Occitania, en Francia, sempre coa preocupación polo testemuño directo, por escoitar e transmitir a voz dun colectivo perdedor: o formado por 387 exiliados, o 27% deles (108) mulleres. Quen eran antes do exilio e que vicisitudes e situacións coñeceron ao longo del, en Europa ou en América (93 deles en México). Moitos seguiron exercendo como profesionais docentes (por exemplo os que atenderon aos máis de 3000 nenos españois na URSS) ou participa-

ron no mundo editorial. Podían ter exercido nas terras e escolas de Cataluña pois de alí eran xeralmente. O vento da historia precipitounos mundo adiante. É de xusticia saber deles. É o que Salomé procurou e conquistou.

Ocupámonos finalmente da monografía de Maitane Ostolaza, a que coñecemos "a pe de obra", no Arquivo de Alcalá, examinando alí expedientes de profesores. *El garrote de la depuración* puxo por significativo título. Logo de trazar o perfil do profesorado vasco durante a II<sup>a</sup> República, fíxase a autora e traça as grandes liñas da nova escola franquista, analizando tamén o marco legal e a praxe das comisións depuradoras do profesorado. Con estes antecedentes analiza 388 informes de depuración e o caso dos 208 sancionados nas provincias de Guipuzcoa e Vizcaia, concluíndo que en termos xerais un 25% do profesorado vasco sofre algún tipo de sanción. Unha porcentaxe menor que a que podemos presumir para Galicia, como froito dos traballos e achegas de datos que tivemos ocasión de realizar Xosé M. Cid Fernández e quen isto suscribe.

Os datos numéricos de sancionados no ensino básico e noutros niveis educativos, aos que temos que engadir os dos fusilados, permiten concluir, aínda que precisemos de calas máis analíticas, que o garrote represor interviu con altísima incidencia no caso do profesorado galego.

A súa consciencia posibilitaranos unha mellor comprensión de todos os significados da escola do franquismo.

É así de desexar que os historiadores sigan realizando os oportunos estudos. Entre os que se anuncian, están os de Fernández Sora para o caso do País Valenciá.

Antón Costa Rico

---

**GONZÁLEZ-AGÀPITO, Josep i MARQUES I SUREDA, Salomó: *La repressió del professorat a Catalunya sota el franquisme (1939-1943)*. Barcelona, Institut d'Estudis Catalans, 1996, 220 pp.**

---

Datat el setembre de 1996 a Barcelona, i publicat per l'Institut d'Estudis Catalans, el llibre *La repressió del professorat a Catalunya sota el franquisme (1939-1943)* pretén donar a conèixer dades de la repressió franquista relatives al conjunt d'ensenyants de Catalunya, que constitueix un episodi concret de la vasta política coercitiva que va dur a terme el dictador, en diferents fronts, i que a Catalunya fou especialment dura.

El treball que ressenyem ha estat elaborat pels professors Dr. Josep González-Agàpito, de la Universitat de Barcelona, i Dr. Salomó Marquès, de la Universitat de Girona, cadascun dels

quals ja havia investigat la repressió a les províncies de Barcelona i Girona, respectivamente. A partir dels seus traballos individuais, van replantejar conjuntamente la investigación i van traballar amb una nova fonte d'información -el *Boletín Oficial del Ministerio de Educación Nacional (BO-MEN)*, l'único documento que ofrecía información de tot Catalunya, a partir de les ordes ministeriais resolutivas dos expedientes de depuración-, i l'ampliaren a tot el territorio català. Tal com diuen ells mateixos en explicar els obxectivos de la rebusca: "Ara ens anem aproximando a quin va ser l'abast i la diversidade de les múltiples sancions con que fou castigada una gran parte del profesorado que va traballar a les escolas primarias i secundarias de Catalunya durante la Segunda República"(p. 11).

Per tal de crear el que el réxime franquista anomenava, eufemísticamente, la "nueva escuela" -i que, de fet, no era máis que un retorno a les formes d'ensenyamento máis cavernarias-, es van utilizar unas armas que constituirían dos caras de la misma moneda: la depuración i l'adoctrinamento. L'obxectivo de la depuración era dobre: d'una banda, pretendía l'expurgación de toda persona sospechosa de no ser lleial al réxime totalitario; de l'altra, volía exterminar el movimiento d'Escuela Nueva a Catalunya i anorrear qualsevol vestigio de renovación pedagógica. Majoritariamente, aquesta depuración cal situar-la, segons

els autors, en l'època anomenada *del terror blanc* (aproximadament entre els anys 1939 i 1943).

A Catalunya s'obriren prop de dos mil expedients (de moment els autors en tenen 1.906 de comptabilitzats), un 56'6 % dels quals corresponen a homes -que foren els que patiren més represàlies i més dures- i un 43'4 % a dones. El grup més nombrós d'expedientats correspon a l'ensenyament primari, amb un total de 1.651 docents. En canvi, només hi va haver un religiós que va haver de passar la depuració: "[aquest fet] fa veure com, dins l'estructura del nou sistema de coses, no s'interpretà que la depuració afectés als religiosos dedicats a l'ensenyament. Aquest únic cas és l'excepció que confirma la regla. Recordem que, en aquesta etapa, a Catalunya la major part de l'ensenyament privat és regentat per ordes religioses" (p. 57).

No gaire més de la meitat del professorat expedientat va haver de patir alguna de les quatre sancions més greus: separació definitiva del cos (15'66 %); trasllat forçós a d'altres poblacions (19'66 %), la major part fora de Catalunya, la qual cosa contribuï a castellanitzar l'escola; suspensió de sou i feina (3'77 %), generalment entre 10 mesos i 2 anys; i, per últim, inhabilitació per a càrrecs directius o de confiança (16'62 %), sanció aquesta última destinada als mestres que eren "sospitosos" de poca adhesió al règim,

malgrat no haver-se pogut provar res en contra seva.

Tanquen el volum la bibliografia i una relació nominal del professorat represaliat. La publicació d'aquest llistat, que ocupa cent pàgines del llibre, ha de servir precisament perquè, a partir d'ara, es pugui anar completant i contrastant amb dades d'altres fonts i, per tant, es pugui acabar d'afinar encara més l'abast d'aquesta repressió. Els autors mateixos ho reconeixen en un moment del treball: "(...) volem reiterar que cal donar un valor relatiu a les dades que suara exposarem. En el ben entès [*sic*] que no reflecteixen del tot la realitat de la repressió, que va ser molt més intensa i extensa en el magisteri català" (p.77).

En resum: un llibre de lectura recomanable, que convida a fer memòria, i sobretot que ens fa recordar que la dictadura franquista va representar una terrible atzagaiada pel nostre país.

*David Pujol i Fabrellas*

---

**BOWLER, Peter J.: *Charles Darwin. El hombre y su influencia*. Madrid, Alianza Editorial, 1995, 271 pp.**

---

O libro que imos comentar, se ben non recolle moitos elementos orixinais, supón unha valiosa e suxerente reflexión sobre a aportación darwinista por un dos



seus estudiosos máis capaces. Resultará interesante para un amplo público e útil para os profesionais do ensino das Ciencias, nomeadamente as Naturais, mesmo para os que investigan na súa didáctica. A lectura atenta axudáralles a entender dun xeito histórico, contextualizado, arredado de abstraccións, por que os alumnos de hoxe, e moitos profesores, seguen a seren lamarckistas. A Selección Natural é un concepto que excede o restrictivo terreo da aprendizaxe convencional.

Peter Bowler é un autor coñecido no Estado español, especialmente a raíz da publicación de *El eclipse del darwinismo*<sup>1</sup>. *Allí abordaba dous temas de gran interese: a variedade e complexidade do pensamento evolucionista no século XIX e as dificultades con que se atopou a teoría darwinista a fins de esa centuria. A análise do tema levaríalle a cuestionar o contido convencional da denominada "revolución darwinista", cuestión tratada, por exemplo, en The Non-Darwinian Revolution. Reinterpreting a Historical Myth*<sup>2</sup>. Nesa obra explicaba que a existencia da citada "revolución" no século XIX era un mito creado polos *darwinistas modernos*,

que identificaban as propostas de Darwin, desde unha perspectiva actual, ahistórica, coa Selección Natural. Entendía que o mito se asentara porque os seus opoñentes atoparano útil como un medio para esaxerar os riscos da teoría. O texto foi seguido dunha interesante polémica, na que salientamos, pola importancia do seu autor, a resposta do coñecido neodarwinista Ernst Mayr<sup>3</sup>.

O libro de Bowler que agora comentamos ven ser unha continuación desa produción previa. O máis novidoso nel é a presentación das súas anteriores propostas relacionándoas coas actividades de Darwin e o tono divulgativo do texto. Sin ser, como ben sinala o autor, unha biografía convencional, aborda diversos aspectos da vida do naturalista inglés, labor facilitado polos interesantes estudos desenvolvidos nas derradeiras décadas sobre él. Uns traballos baseados no estudo de fontes novas e valiosas que permiten o novidoso acceso a importantes aspectos dos pensamentos e investigacións do xenial científico.

O texto continúa, pois, coa pretensión desmitificadora emprendida por Bowler, "desafiar los mitos construidos en torno a

<sup>1</sup> P. J. Bowler, *El eclipse del darwinismo*, Barcelona, Labor Universitarias, 1985. Edición en español do orixinal en inglés, de 1983, *The Eclipse of Darwinism*.

<sup>2</sup> P. J. Bowler, *The Non-Darwinian Revolution. Reinterpreting a Historical Myth*, Baltimore, The Johns Hopkins University Press, 1990.

<sup>3</sup> E. Mayr, "The Myth of the Non-Darwinian Revolution", *Biology and Philosophy*, 5 (1990) 85-92.

Darwin". Así, nesa linea, sitúa a proposta darwinista entre outras moitas do evolucionismo decimonónico, todas afastadas do moderno darwinismo. Coida que foi o "radicalismo" ideolóxico e filosófico asociado a esas teorías o que frustou, en gran parte, as súas posibilidades. Tamén insiste en sinalar que a aportación revolucionaria de Darwin, a Selección Natural, coa que hoxe se identifica ó darwinismo, foi rexeitada ou ignorada pola comunidade científica da época, incluíndo, e iso é o máis relevante, ós partidarios do darwinismo. Pensa que a influencia social das ideas de Darwin foron a causa do seu trunfo. Por iso, parte substancial do libro está adicada a afondar nese tema. Bowler expón como o libro *Origen de las especies* actuou como una especie de catalizador que facilitou a conversión de moitos pensadores decimonónicos a unha versión progresiva do evolucionismo; una alternativa que, repite, non era "darwiniana" no moderno sentido deste término, ligado á Selección Natural. O feito é que o evolucionismo darwinista foi aceptado como un compoñente importante do pensamento liberal progresista que a utilizou como unha xustificación "científica" das súas perspectivas ideolóxicas.

Bowler enfatiza o decisivo papel que xogou un grupo homoxéneo e influente de darwinistas (Huxley, Hooker...) en acadar a aceptación social precisa. Libraron unha ben organizada loita no seo da

comunidade científica e en ámbitos sociais máis amplos na defensa da súa versión do darwinismo, con Darwin nun segundo plano, aproveitando a influencia dos seus amigos para dotar á súa doutrina dunha respetabilidade fundamental para a súa aceptación; mesmo evitou discutir con algúns achegados certas interpretacións erróneas da teoría. A actividade prodarwinista do grupo devandito, a súa presenza no influente "Clube X" (Huxley, Hooker, Lubbock, Herbert Spencer, Frankland...), lévanos á reflexión sobre unha cuestión de gran interese, a importancia dun apoio científico e social relevantes para que as propostas científicas (teorías, programas de investigación, institucións...) acaden o éxito. Esa actuación organizada de grupos de presión próximos á Ciencia tráenos á cabeza, con tódalas súas peculiaridades, casos como o de os influentes "krauso-institucionistas", cunha actuación "grupal" -coas súas luces e sombras- que dominou a política educativa e científica no Estado español por moitos anos.

Na análise da bibliografía sobre o darwinismo, Bowler acerta ó sinalar e cuestionar a presenza de dous erros bastante habituais entre os que se achegan á Historia de la Ciencia, a interpretación inductivista e *whig* das investigacións e aportacións de Darwin. O reduccionismo inductivista presentounos os novidosos achádegos do noso

científico como consecuencia directa e exclusiva das súas observacións. O enfoque *whig* amosounos unha teoría sen fendas, en sintonía co liberalismo, e que só uns teimudos, fanáticos e ignorantes opositores podían rexeitar. Como acontece en moitas ocasións, tamén neste caso se construiu unha historia *posteriori* simplificadora, que esqueceu a xénese real, histórica, do pensamento darwinista e os serios problemas que debeu afrontar, cuestións que non obedecían só á intransixencia duns obcecados, senon ás propias lagoas da teoría. Ademais, a mensaxe real da teoría evolutiva de Darwin non casaba plenamente co progresismo liberal. O carácter aberto da evolución, a súa impredecibilidade e orixe aleatoria, continxente, supuña, e supoñen, un cambio radical da perspectiva providencialista que, en maior ou menor grao dominaba, e domina, no conxunto da intelectualidade e sociedade.

O lóxico afán de Bowler por salientar a súa aportación desmitificadora e evitar sobrevaloracións poden levar a certa confusión á hora de caracterizar ou valorar a aportación de Darwin. Estamos bastante deacordo con Mayr cando opina que a restrinxen en exceso o tema da Selección Natural; ademais, cremos que o rexeitamento que esa proposta tivo entre a comunidade científica do XIX foi notable pero non acadou a amplitude que Bowler lle asigna. Isto non significa que o

propio Bowler non recoñeza a importancia da obra de Darwin en diferentes pasaxes do libro. Para nós, o que está a chegarnos das novas fontes sobre a xénese da obra de Darwin nos produce unha dobre sensación. Por unha banda subliña a idea dun home moi condicionado polo seu contorno; por outra banda, incrementa a nosa estima intelectual polos seus acertos concretos e clarividencia xeral, revalorízanos a súa obra. Nas súas notas persoais de traballo podemos ollar un científico consciente e preocupado polas implicacións dos revolucionarios resultados derivados das súas investigacións, o lóxico temor a enfrontarse cun contorno social e un ambiente cultural que dificilmente podían admitir unhas conclusións de ton tan claramente materialista e contrarias á tradición secular occidental.

Xosé A. Fraga Vázquez

---

**ZAMBRANO, María: *Horizontes del Liberalismo*. Madrid, Morata, 1996, 269 pp.**

---

María Zambrano segue chegando a nós en vagas... Vagas non se sabe ben se só femininas ou ata que punto feministas, pero, sen dúbida, vagas de alta cultura, de pensamento fondo e purísimo, de filosofía, educación e poesía íntima e permanentemente ensarilladas. E vén

sendo así dende os nosos distantes e aurorais anos 30...

Non cesa o *revival* de María Zambrano. Non pode cesar. Levaba moitos anos sepultada nunha marxinalidade inxusta e condenada a un esquecemento inmerecido. Ano a ano vai agrandándose a súa figura. Co pulo permanente da dinámica Fundación de Vélez-Málaga que leva o seu nome, cursos, seminarios e novas publicacións están a traer a nós a súa lembranza viva e significativa.

Unha vez máis, "Ediciones Morata" pon nas nosas mans unha obríña clásica, neste caso unha obra primeiriza da grandísima profesora: *Horizonte del liberalismo*. publicación oportuna, tamén, non só por ser de quen é, senón pola temática -tan de hoxe outra vez- e mesmo polo título. Publicación desbordante e desbordada de Jesús Moreno Sanz; unha erudición tan densa e minuciosa, tan polo miúdo, que non só é máis de medio libro, senón que se converte nunha exhibición desmesurada de coñecemento da vida e obra da gran pensadora malagueña.

Aí está, pois, vivo e latexante, o pensamento de María Zambrano, no momento en que empezaba a presentarse en sociedade. Notánselle -¡claro!- as influencias -Blas Zambrano (o seu pai), Ortega, Cossío-. Como ela di: "Yo tuve la suerte de tener grandes maestros". Así o

conta en *Delirio y Destino*, unha obra clave para entrar no seu pensamento, unhas memorias da adolescencia e a xuventude escritas na primeira madurez. Madrid dende A Habana. A IIª República española dende o exilio...

Neste *Horizonte...* xa agroma o xermolo do que ía vir e do que sería moi pronto María: unha intelectual vangardista e inconformista, amiga íntima, por exemplo, de Maruja Mallo. Repito: quizahes non "feminista", pero sí "moderna" e "emancipada" -tal e como di no seu estudio introductorio Moreno Sanz-.

Os temas de fondo do libro falan por si sós: política revolucionaria, cuestión social, liberalismo e ética... Temática que, como se sabe, iría ensanchando pa-seniñamente María Zambrano, ó longo da súa vida, en círculos concéntricos cada vez máis amplos e cada vez máis fondos.

Así este curso (1996-97), acaba de aparecer -ou reaparecer- un estupendo texto pedagóxico dos anos 60 ("La educación para la paz") que María Zambrano modelara con primor naquela época das grandes tensións planetarias termonucleares e que agora publica a *Revista de Educación* (Ministerio de Educación y Cultura). Os que veñen traballando ultimamente na "educación para a paz"- nas súas distintas variantes- non poden, baixo ningún pretexto, pasar por alto este

artigo maxistral que culmina a penúltima vaga de publicacións de María Zambra-no.

H.B.

---

***DEWEY, John: Democracia y educación. Madrid, Morata, 1995, 319 pp.***

---

Velaí un clásico que agardaba unha boa reedición. Dende os tempos arredados da traducción de L. Luzuriaga para Losada -anos 50-, non aparecera ningunha nova reedición en español. Era como se J. Dewey estivera á espera de non se sabe qué. ¿Crise sociopolítica, crise socio-pedagóxica- tampouco está mal a traducción-selección "sociopedagóxica" de Antonio Molero e Mar del Pozo para a finiquitada "Clásicos CEPE"- ou crise de "educación democrática"?

Parece que Luzuriaga fixera aquela traducción de posguerra para "conmemorar" dalgún xeito a victoria dos aliados na segunda Guerra Mundial. *Democracia y Educación* era un canto ó sistema social educativo americano. Pero un canto ás veces disonante co que verdadeiramente estaba a pasar nos EE.UU. na era *post-new deal*. ¡Tantos e tan amplos son os rexistros da democracia radicalmente entendida! ¡Tantas e tan grandes, as implicacións sociais da educación!

O caso é que se a traducción de Luzuriaga chegou a se converter a un tempo en referente e homenaxe, esta de agora -completa e nada "diplomática"- vai polo mesmo camiño. De momento, xa está esgotada a primeira edición -ou reedición-, a primeira tiraxe. "Ediciones Morata", sempre tan próxima ós grandes acontecementos das publicacións pedagóxicas en España, prepara a segunda. Os que andaban distraídos terán que espabilar...

As razóns últimas desta oportuna saída ó mercado e deste éxito fulgurante quizahes teñamos que buscalas na preocupación social e profesional dos educadores e pedagogos do país, dos ensinantes en xeral, á hora de establecer con precisión e coñecer a fondo todo aquilo que se relaciona cos conceptos de *educación e democracia* e, sobre todo, coas relacións mutuas entre ámbolos dous conceptos. O mundo do ensino está sempre tan intimamente vencellado á vida política que, mesmo conceptualmente -e metodoloxicamente-, son inseparables.

O éxito de J. Dewey é o desexo de "profundar" na democracia, tan vulnerada nos anos 30 polas experiencias fascistas e tan "tocada" hoxe, en España, pola resaca -¡aínda!- da dictadura franquista. No fondo, trátase de "reconciliar" *educación e democracia*, tan distantes. Trátase de redefinir *democracia* (política) e educa-

*ción* (pedagogía). Trátase, en definitiva, de saber qué educación, qué pedagogía, qué democracia, qué política...

Porque J. Dewey pode estar ben para os EE.UU., pero ó mellor, xa non está tan ben para nós. Certo que en J. Dewey segue a haber cousas vivas, pero tamén hai materia pedagóxica morta e inane. Leamos, si, pero leamos sempre criticamente. Leamos a J. Dewey con lucidez. Non mitifiquemos. Desmitifiquemos, máis ben...

H.B.

---

**CAPELÁN REY, Antón: *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta, I e II. A Coruña, Laiovento, 1994 e 1996***

---

Deberíase facer a historia daquel Santiago do meu tempo: un Santiago anticasa da Troia, cuíos escándalos eran xa por razóns exclusivamente universitarias, morais ou políticas, e non como se tiña feito deica entón. Penso que logo dos estudantes do Banquete de Conxo e dos anteriores, que participaron no levantamento de Solís con Antolín Faraldo, Romero Ortíz, etc, fomos os primeiros en facer unha obra sería d'accordo cas inqedanzas da Galicia e do mundo do noso tempo. É posible que fora a xeneración de estudantes máis importantes, en moitos aspectos, que tivo a Universidade galega. Pola miña banda síntome orgulloso de ter pertencido a ela.

Luís Seoane in Fernández Freixanes, V: *Unha ducia de galegos*, Galaxia, 1976, p.71.

Antón Capelán Rey, o autor destes dous interesantes volumes é, como el gusta de definirse, natural de Mesoiro (A Coruña) e traballador do ensino destinado no Instituto de Monelos. Con estes títulos, unha terribel voracidade lectora, unha enorme curiosidade crítica e unha singular bagaxe de pescudador hemerográfico ten comezado a dar mostras, nos últimos anos, dun rigoroso labor ensaístico pouco frecuente na Galiza.

*Contra a Casa da Troia, I e II* son, respectivamente, os volumes 45 e 78 de Edicións Laiovento, editorial á que hai que dar os nosos parabéns, por que está, entre outras iniciativas, a consolidar un importante espacio independente para o ensaio. Os volumes de Antón Capelán, intitulan unha serie de ensaios de temática común, a través dos que se quer articular unha visión de certos pormenores da "Cultura e Sociedade no Santiago dos anos trinta", como o mesmo autor nos indica co subtítulo e explicita nos limiares.

A secuencia de crónicas históricas que conteñen os dous volumes está destinada a ir presentando, ao lector moderno, pezas que vaian permitindo reconstruír o mundo intelectual e universitario compostelán dos anos vinte e trinta. O recurso "antitroiano", isto é o discurso ante a visión estaticista e idealizante que defende a "razón de estado", é o iso que serve para introducírmonos no complexo e fundamental mundo das reivindicacións

-xa académicas, xa políticas- estudiantís protagonizadas polos integrantes da FUE en Compostela. Para, a través delas, estudar algunhas das asociacións culturais, grupos políticos, medios e personaxes que impugnan o modelo de estado que lles tocou vivir e unha "Universidade como a compostelá, tradicional e desven-cellada da cultura de Galicia".

Nestes dous tomiños abórdanse temas obviados pola crítica histórica e literaria especializada. Aspectos que van reconstruíndo todo o discurso intelectual e social "contra o poder" dos progresistas mozos republicanos e das institucións que eles crean. Análizanse así, a través da "Tuna compostelá de 1930" as figuras dos membros da xeración de Luís Seoane, Carballo Calero, Rafael Dieste e moitos outros, no contexto das mobilizacións estudiantís de carácter republicano que, dirixidas pola FUE por todo o territorio español durante a Dictadura de primo de Rivera e do xeneral Berenguer, foron a causa primeira da caída da monarquía e a instauración do réxime republicano.

A organización das Asociacións Profesionais de alumnos, o papel dos seus membros máis destacados na constitución do comité pro-FUE, así como os enfrontamentos e debates ideolóxicos entre os diversos integrantes do colectivo universitario: galeguistas, profesionais e políticos, son abordadas pomenorizadamente no primeiro tomo. Parte do traba-

llo, céntrase nos aspectos relativos aos ciclos de conferencias organizadas no paraninfo santiagués pola Federación Universitaria Escolar compostelá e no seu dobre carácter reivindicativo. Por unha banda contra a conservadora e corporativa institución e, pola outra, contra o seu carácter antigaleguizador. Tema, este último, que se retomará no segundo volume, centrándoo arredor da moi inxustamente esquecida figura de Álvaro das Casas. Este ensaio, un dos mellores do conxunto, dá boa conta do destacado papel polemista e organizador do personaxe e da oposición corporativista dos doutores e catedráticos á activa campaña reivindicativa sobre unha Universidade galega, así como o papel do galeguismo político nestes sucesos.

Outros ensaios, como o centrado na figura do intelectual portugués António Sergio constitúen pezas fundamentais para comezar a situarmos figuras ponte, absolutamente esquecidas, no seu preciso contexto. A aportación sobre o proceso de constitución dunha Asociación de Escritores de Galicia e o resgate dunha entrevista co editor Ánxel Casal son o froito dun impresionante traballo hemerográfico, de contextualización moi meritória. Pois, estas aportacións, fornecidas continuamente do contexto estatal e europeo da época, van resgatándonos un escenario que cada vez se nos afasta máis visión romántica e minimizadora tra-

dicional. Que nos inspire, o movemento vindicador de Galiza, nas coordenadas de construción dun aparello social e institucional que puidese abordar a construción da nación. Exemplo de relación desa construción nacional contra o modelo nacionalista español no contexto dun estado en crise de identidade, é o ensaio sobre a celebración do día de San Jordi en Compostela 1933-36 con que se remata o tomo II.

Esta construción pluriperspectivística vai deseñando un conxunto, aberto a novas aportacións, que mantén, hoxe, ese "discurso contra o poder" que reivindica a xeración de Seoane. *Contra a casa da Troia*, I e II forma un conxunto claramente destinado a abrir debate ideolóxico e intelectual sobre tópicos e figuras de abondosa bibliografía (en moitos casos puramente crematística ou institucional) nos nosos días. O tratamento dado as figuras de Seoane, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado, ao seu contexto político e social, resulta bastante diverxente ao comunmente aceptado. O aporte de novos datos sobre función da prensa e certas institucións na sociedade, o carácter españolizador da Universidade e a formación de comportamentos e ideoloxías que se transmitiron ata hoxe, resultan parte dunha crítica, nada agochada, a respecto do papel xogado por determinadas institucións culturais do país e os seus mandarinatos.

Complétanse os libros con dous prólogos nos que se amosan implicacións que, para o autor, son claras mostras da continuidade no presente dos temas sen resolver do pasado. As cuestións nacionais, a dificultade de reconstruír a historia da Galiza pola falta absoluta de vontade dos responsabeis e estudiosos do patrimonio galego; a dispersión dos materiais; a falta de arquivos e bibliotecas centralizadas reflectiríanse no nulo interese de moitos críticos e historiadores a efectuar unha análise que revele a conflictividade da historia e do presente do país.

Para o ensaísta, elemento fundamental destes traballos reside na súa comunicación co presente. Así, denúnciase no presente, o carácter españolizante e esmagador dunha universidade continuadora dunha política impermeabilizadora da sociedade. Insístese tamén no feito de os actuais responsábeis da cultura galega, en especial a emblemática figura dun presidente autonómico e certas autoridades académicas de coñecida traxectoria política, colaboraren na desgaleguización da sociedade e no feito de utilizarse a Universidade para o mantemento e inculcación dos valores da ideoloxía dominante.

*Contra a casa da Troia*, como xeralmente acontece cos traballos de Antón Capelán, aporta unha minuciosa análise e un monumental conxunto de datos. Non obstante, a aparente dispersión do



traballo, ao non presentar un carácter lineal senón poliédrico; sumado ao exhaustivo coñecemento que o autor manifesta do período, poden resultar, especialmente para o lector acostumado aos "literarizantes" ensaios galegos, un tanto cansativos. Certamente, a sucesión de datos, referentes e textos de carácter moi diverso, máis sempre tendentes a fornecer o contexto socio-histórico máis axeitado, poden botar para atrás a máis de un lector. Porén, esa mesma característica deberíanos facer patente o descoñecemento xeral sobre un período e uns personaxes fundamentais. Non só á hora de entendermos a literatura e a sociedade galega do momento, senón o mesmo proceso que nos ten levado a este presente desmemoriado.

Os ensaios de *Contra a Casa da Troia* poden ser considerados partes dun conxunto maior co que se procura abrir o debate na crítica galega. Non obstante, dado o actual contexto institucional, este discurso parece máis ben destinado a chamar a atención as novas xeracións e a fornecer, coas súas aportacións, ese proxecto de reconstrución nacional que, continuamente quebrado, conseguíu manter, ata o hoxe, unha mínima transmisión.

Ernesto Vázquez Souza

---

**OTERO, Luis: *Al paso alegre de la paz. Enredo tragicómico sobre la escuela franquista y pedagogías afines.* Barcelona, Plaza y Janés, 1996, 361 pp.**

---

Luis Otero recrea neste "enredo traxicómico" -como el mesmo denomina- a escola nacional-católica. E faino, de xeito conscientemente esperpéntico, dende a súa condición de neno de aldea e polo tanto, vítima da traxedia social e escolar que como unha lousa caeu sobre tódolos que, como el, eran rapaces no período de postguerra e as primeiras décadas do franquismo. Aquel foi o tempo da victoria que unhos poucos impuxeron á totalidade dun pobo. Victoria que a escola franquista empregou, de xeito sempre parcial e deformante, como elemento de referencia obrigada.

Non é a primeira vez Luis Otero nos achega a aquela escola, xa en 1987, editado por Edicións Xerais de Galicia, apareceu *Gris marengo*, libro que se no seu momento non tivo a acollida que se merecía, agora, corrixido, aumentado e profusamente ilustrado, volve a editar Plaza y Janés, configurándose así como o complemento ideal de *Al paso alegre de la paz*.

Desde o principio do libro o autor consegue crear unha peculiar tensión narrativa, axil e intelixente, que, sen esquecer aspectos cómicos polos que

sería fácil deixarse levar sen máis, percorre polo miúdo a traxedia real que se agachaba detrás dunha sociedade como aquela, nada amable. Isto ten mais mérito se cabe, porque, se ben é necesario acadar neste tema un tono que propicie unha certa catarse común -empezando por rirnos de nós mesmos-, non deberíamos pasar por alto que aquela foi unha realidade sufrida máis que vivida. E isto porque, se cadra, o espello da memoria pode devolvernos imaxes parciais que nos fagan perder a necesaria coherencia histórica. H.G. Gadamer, dende a hermenéutica recórdanos a necesidade de rexeitar absolutamente a idea empirista da "tábula rasa". Idea que dende hai un tempo -este non é o caso- estase a converter en habitual, e non unicamente no eido literario, cando do período franquista se trata. Neste senso, H.E. Linge, na introducción do libro de Gadamer, *Philosophical Hermeneutics*, recórdanos tamén que o papel do pasado non debe restrinxirse ó feito de subministrar os textos ou acontecementos que constitúen o obxecto de calquera interpretación. O pasado define tamén o fundamento sobre o que o mesmo interprete se basea cando tenta comprender.

Desde o limiar o libro sorprende, un limiar, por certo, cheo de connotacións cervantinas, que nos adianta de xeito breve o que imos atopar ó longo de quince capítulos perfectamente equilibrados.

A sociedade, a relixión, pero sobre todo a escola, van pasar diante de nós, turrando xuntas, empeñadas en construír unha realidade falsa e abafante pero sobre todo triste e aceda. Luces e sombras dun tempo. Así nolo recorda o autor, poñendo a cada quen no seu sitio, acudindo á comedia cando é necesario e sen caer nunca en sentimentalismos cínicos.

A cabalo entre a gargallada sen freo e a reflexión máis fonda, e apoiado nun abundante e pensado repertorio de ilustracións, escollidas de libros escolares e publicacións da época -ó final do libro recóllese un importante repertorio bibliográfico-, van pasando personaxes, recoñecibles as máis das veces, tristes, autoritarios, vítimas ou verdugos. Todos nós, en definitiva, porque dunha maneira ou doutra, aquel universo moral e ideolóxico forma parte da nosa historia. Evocación e memoria dun tempo é o que este libro nos ofrece, que á marxe de proclamas pedagóxicas deseducadoras, cando menos, debe servir para recordar, pero sobre todo para comprendermonos mellor.

J. Luis Iglesias

**Benso Calvo, Carmen. Controlar y distinguir. La enseñanza de la urbanidad en las escuelas del siglo XIX. Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións, 1997, 286 pp.**

Carmen Benso Calvo, Profesora Titular de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Vigo, no Campus de Ourense, vén de publicar un importante traballo sobre **a ensinanza da urbanidade nas escolas do século XIX**. O libro, cun aparato crítico considerable, significa unha nova aportación da doutora Benso Calvo á historia da educación. Anque nada en Teruel, Carmen Benso, Directora do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, leva desenvolvido a súa actividade docente e investigadora dun xeito considerable na universidade galega, centrando a investigación no campo da Historia da Educación, con numerosos traballos en revistas especializadas e colaboracións en distintas obras colectivas, con derivacións importantes para a historia da educación en Galicia.

Como se sinala na Introducción, o estudo, dentro do interese suscitado nos últimos anos polo tema da *urbanidade*, pretende colaborar a entender mellor as razóns que avalan o protagonismo que adquiriu a ensinanza da urbanidade no marco da formación elemental das clases populares na sociedade burguesa do sé-

culo XIX, protagonismo herdado da ensinanza dos séculos precedentes.

Así, pois, dende os inicios da época moderna, a urbanidade figura entre as ensinanzas dirixidas ás clases populares e no curriculum escolar destinado ás élites. Existe, sen embargo, un dobre código social. Un, moi refinado e complexo, propio das élites, e outro máis elemental, para o resto da sociedade. A autora concreta como ámbolos dous códigos, que responden a dous modelos diferenciados de educación, están ó servizo de obxectivos distintos. No modelo de educación destinado ás élites, a ensinanza da urbanidade propónse dar lucimento e distinción, actúa como mecanismo de poder, como sinal de identidade das clases distinguidas. As boas maneiras son como a exteriorización das cualidades morais que fan acredores das máis altas dignidades humanas e incluso lexítiman para o poder a certos individuos. En cambio, no modelo dirixido ás clases populares, esta ensinanza responde a obxectivos claros de moralización e "civilización". O que se pretende é a acomodación da conducta a un código social establecido, constitúe un eficaz dispositivo de control e disciplina.

A cada un dos códigos sociais referidos corresponde un estilo de ensinanza-aprendizase específico. No máis refinado, propio das élites, é a familia a principal institución encargada de trans-

mitilo dun xeito suave e progresivo, por vía de imitación. En cambio, as normas dictadas polo código social máis básico adquirense, especialmente, no medio comunitario escolar, a través dun proceso de aprendizaxe duro, que esixe por parte do alumno moito esforzo e disciplina.

O estudio, dende o punto de vista histórico, comporta varios retos:

- Colaborar a esclarece-la natureza interna da *urbanidade* como disciplina escolar, dentro do ámbito máis amplo da historia do curriculum.

- Utilizar como fontes esenciais de análise os libros de texto escolares da época.

- Indagar na complexidade temática que engloba a urbanidade, que integra varias compoñentes e cumpre, como se pon de manifesto, distintas funcións.

Ademais da Introducción, o texto consta de oito capítulos. No primeiro, “La escolarización de la Urbanidad: Una tradición heredada”, móstrase como a urbanidade que se enséña nas escolas do século XIX responde a un modelo que parte dos inicios da idade moderna, en que Erasmo escribe *De civilitate morum puerilium* e a civilidade penetra no curriculum escolar das igrexas reformada e católica.

No segundo capítulo, “La Urbanidad en la formación de las clases populares del siglo XIX”, fundaméntase a presenza desta disciplina na ensinanza primaria do

século pasado, dentro do contexto da caída do Antigo Réxime e da nova sociedade burguesa que, a pesar de romper coas estruturas políticas, sociais e económicas anteriores, segue mantendo unhas ríxidas estruturas de clase, para consolidar e reproducir unha nova orde social.

Os capítulos terceiro e cuarto, “Los libros escolares y la enseñanza de la Urbanidad” e “Los componentes de la Urbanidad o el ideal ‘de niño y niñas educados’” dan conta, respectivamente, do material escolar básico que serve de soporte e dos obxectivos da ensinanza da sociedade burguesa.

O quinto capítulo, “Urbanidad y espacios sociales”, detalla os espazos nos que se desenvolve a vida cotiá no pasado século. Familia, igrexa, rúa e escola son os escenarios máis importantes.

No sexto capítulo, “Urbanidad y excelencia social”, incídese nos ámbitos do comportamento urbán -mesa, xogo, linguaxe e vestimenta- que representan sinais claros de distinción social.

No sétimo capítulo, “Urbanidad e hixiene”, apúntase como a través do discurso hixiénico, incorpóranse novas dimensións ó discurso urbán. Finalmente, no derradeiro capítulo, “¿Urbanidad diferenciada? La educación del bello sexo”, conclúese con algunhas reflexións sobre o significado da diferenciación do código social en función dos sexos.

No mesmo texto que reseñamos recóllense os comentarios á obra que realizan as autorizadas plumas de Federico Gómez Rodríguez de Castro, Catedrático de Historia da Educación da UNED, e Mercedes Vico Monteoliva, Catedrática de Historia da Pedagogía da Universidade de Málaga, cos que nos sentimos identificados. O primeiro fai fincapé na oportunidade do tema abordado, xa que nestes anos estase a impoñer na investigación histórico-educativa a tendencia a enfocala historia da educación dende a perspectiva non tanto das personalidades e das ideas, senón dende o curriculum, a actividade na escola, os instrumentos didácticos, etc. A segunda di que é un dos traballos necesarios, de grande actuali-

dade, e que contribúe ó mellor coñecemento e progreso da historia da educación. Os dous coinciden na seriedade, rigor e coherencia do traballo, na metodoloxía (descrición e hermenéutica), fontes consultadas, concatenación dos capítulos, etc.

Queremos salientar neste importante traballo, a acertada selección de ilustracións que dotan de alto contido ó texto, e o amplo manexo de textos escolares e documentadas fontes bibliográficas sobre o tema. Ó Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, a nosa felicitación polo esmero nos aspectos formais, nos comezos da súa andadura.

*Anxo Serafín Porto Ucha*